



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA
Secretaría Xeral Técnica

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DA SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 26/12/2017 11:52:39

ENTRADA 18476 / RX 3138484



(Rexistro de Entrada)

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

1. PRESENTADOR:

D./Dña. FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO		DNI: G-70141924	
ENDEREZO: EDIF. ADIVOS. SAN LÁZARO S/N - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA			
LOCALIDADE SANTIAGO	PROVINCIA A CORUÑA	CÓD. POSTAL 15781	TELÉFONO 881 995370
		FAX 881 995376	

2. DOCUMENTACIÓN QUE XUNTA:

- 1) ESCRITO DE PRESENTACIÓN
- 2) CERTIFICADO ACREDITATIVO DA APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN
- 3) PLAN DE ACTUACIÓN EXERCICIO 2018

DATA: 26/12/2017	
ENTRADA Nº	SAÍDA Nº
	752

3. SOLICITUDE:

Presenta, no Rexistro da Consellería de Economía, Emprego e Industria do Edif. Adtivo. De S. Lázaro, en Santiago de Compostela, a documentación que se cita no apartado anterior coa finalidade de PRESENTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN 2018 DA F.P.G.F.T.

Procedemento administrativo _____

Número do expediente: _____

En Santiago de Compostela, a 26 de DECEMBRO de 2017

Asdo: MARIA

P.O.

Fundación Pública
Galega da Formación
para o Trabalho

4. DESTINATARIO:

Organismo/Dependencia: CONSELL. ECONOMÍA EMPR. E INDUST. / SERU. TÉCNICO XURÍDICO

Localidade S. CAETANO - SANTIAGO



Fundación Pública
Galega da Formación
para o Trabalho

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15708 Santiago de Compostela

Consellería de Economía,
Emprego e Industria

Fax: 881 995 376
Teléfono: 881 995 370
981 545 695

e-Mail: info@fpght.org
Portal web: www.fpgft.org

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
Secretaría Xeral Técnica
Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa
Servizo Técnico Xurídico
Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
A Coruña

Ref.:0752

Achégase, a efectos de presentación conforme o artigo 41º do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro de Regulamento de fundacións de interese galego, o plan de actuación correspondente o exercicio 2018 da Fundación Pública Galega da Formación para o Trabalho.

En Santiago de Compostela a 26 de decembro de 2017

A Secretaría da FPGFT

D^{ña} Rosanna López Salgueiro





Fundación Pública
Galega da Formación
para o Trabalho

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15708 Santiago de Compostela

Consellería de Economía,
Emprego e Industria

Fax: 881 995 376
Teléfono: 881 995 370
981 545 695

e-Mail: info@fpght.org
Portal web: www.fpght.org

CERTIFICADO ACREDITATIVO DA APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN

Dona Rosanna López Salgueiro, na súa calidade de secretaria do Padroado da Fundación Pública Galega da Formación para o Trabalho, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (sección da Consellería de Traballo), co número 2008/11,

CERTIFICA:

1º.- Que con data 21 de decembro de 2017 debidamente convocada para o efecto, se celebrou reunión do Padroado, coa asistencia dos seguintes membros:

1. José Alfonso Marnotes González
2. Juan Carlos Pernas Maques
3. Oliver Álvarez Barranco
4. Medardo Arias Prieto
5. Maica Bouza Seoane
6. José Luís Fernández Celis

2º.- José Alfonso Marnotes González foi depositario das delegacións de voto de, Covadonga Toca Carús, Lourdes Ledo Moure, M^a Luisa Mallo Fernández, Juan Cividanes Roger y Patricia Argerey Villar.

3º Que na acta da reunión consta que O PLAN DE ACTUACIÓN elaborado para o exercicio 2018, foi APROBADO por dez votos a favor e unha abstención.

4º.- Que o plan de actuación aprobado se xunta en anexo a esta certificación e foi asinado en todas as súas follas polo secretario do padroado, co visto e praxe da presidenta.

E para que así conste, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2017

A SECRETARIA

Asdo: Rosanna López Salgueiro

Vº Pr. O PRESIDENTE

Asdo: José Alfonso Marnotes González



PLAN DE ACTUACIÓN 2018

ENTIDADE: Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo.

CIF:G-70141924

Nº DE REGISTRO: 2008/11

EXERCICIO: 2018

DATOS DA ENTIDADE:

Domicilio: Edificios Administrativos San Lázaro s/n, Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Localidade: Santiago de Compostela.

Código postal: 15781.

Provincia: A Coruña.

Correo electrónico: administracion@fpgft.org

Teléfono: 881 995 370 / 981 545 695

Persoa de contacto: Rosanna López Salgueiro.

1.- ACTIVIDADES DA ENTIDADE

ACTIVIDADE 1

A) Identificación.

Denominación da actividade	XESTIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDAS DE PLANS DE FORMACIÓN / PROGRAMAS DE FORMACIÓN
Tipo de actividade*	Propia
Identificación da actividade por sectores **	Z99
Lugar de desenvolvemento da actividade	Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edificios Administrativos San Lázaro, s/n – Consellería de Economía, Emprego e Industria – 15781 Santiago de Compostela

Descrición detallada da actividade prevista.

Previsión de inicio: xaneiro 2018

Previsión de remate: decembro 2018

Xustificación:

A xestión das convocatorias de subvencións para o financiamento de Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas está asignada ao persoal técnico da FPGFT.

Esta competencia ten o seu fundamento tanto no Real Decreto 552/2006, como na Orde do 27/01/2009 da Consellería de Traballo pola que se lle encomenda á FPGFT o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo das convocatorias da Dirección Xeral de Emprego e Formación para a concesión de axudas ás iniciativas de formación profesional para o emprego, que se vaian executar no ámbito desta Comunidade Galega, como nos propios Estatutos da FPGFT.

- o Orde do 27 de xaneiro de 2009 da Consellería de Traballo (actual Consellería de Economía, Emprego e Industria) pola que se lle encomenda á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo das Convocatorias da Dirección Xeral de Emprego e Formación (actual Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral) para a concesión de axudas ás iniciativas de formación profesional para o emprego, que se vaian executar no ámbito desta Comunidade. Na disposición nº 1 encoméndaselle á FPGFT o desenvolvemento material de diferentes actividades relacionadas, entre outras, coa tramitación de expedientes:

- Revisión e xestión administrativa das solicitudes de subvención que lle sexan remitidas pola Dirección Xeral de Emprego e Formación.
- Ao remate da revisión e xestión administrativa dos expedientes, a Fundación remitirállos á Dirección Xeral de Emprego e Formación, para seguir coa súa tramitación.
- Levar a cabo as funcións de seguimento e control das iniciativas de formación. Os datos e información relativos ás actuacións de seguimento e control serán comunicados á Dirección Xeral de Emprego e Formación, a través dos medios habilitados ao efecto.
- Corresponderá á Dirección Xeral de Emprego e Formación a recepción e rexistro da documentación da liquidación que presenten os beneficiados, que será remitida posteriormente á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo para a súa tramitación por un medio do que quede a debida constancia.

A encomenda de funcións foi aprobada previamente na sesión ordinaria nº 3 do Padroado da FPGFT do 22/12/2008.

- o Estatutos da FPGFT, no Artigo 8 de Actividades da Fundación, establécese que “para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, por aprobación da metade máis un dos membros presentes sendo dirimente, no caso de empate, o voto do/da Presidente/a, determinará as actividades que debe realizar en cada momento a Fundación, en todo caso, colaborar e asistir técnicalemente ás Comisións que poidan existir de formación para o emprego en todas aquelas actividades que determinen”. Entre elas, se sinalan as seguintes actividades:

D) Execución das funcións de xestión, seguimento e apoio técnico en materia de formación para o emprego sen prexuízo das competencias da administración.

K) Asumir e xestionar cantas actividades deleguen ou encomende a Comisión Galega de Formación Continua e a Dirección Xeral de Emprego e Formación.

L) Elevar á Comisión Galega de Formación Continua e a Dirección Xeral de Emprego e Formación as propostas normativas e procedimentais que considere oportunas en materia de formación profesional, así como elaborar os informes que lles sexan requiridos.

Introdución:

No exercicio 2010, a Dirección Xeral de Emprego e Formación solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo da Convocatoria de subvencións para o financiamento de Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas 2010/2011, en concreto xestionar a Fase de análise de solicitudes da Convocatoria 2010/2011.

No exercicio 2011, o apoio técnico da Fundación abarcou novas fases da tramitación das Convocatorias dos Plans de Formación.

- Fase de “Seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas” da Convocatoria 2010/2011.
- Fase de “Seguimento da xustificación de custos e liquidación” da Convocatoria 2010/2011.
- Fase de “Análise de solicitudes” da Convocatoria 2011/2012.
- Fase de “Seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas” da Convocatoria 2011/2012.
- Fase de “Seguimento da xustificación de custos e liquidación” da Convocatoria 2011/2012.

Posteriormente no exercicio 2012, o apoio técnico da Fundación mantívose nas fases da tramitación das Convocatorias dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas.

- Fase de “Seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas” da Convocatoria 2011/2012.
- Fase de “Seguimento da xustificación de custos e liquidación” da Convocatoria 2011/2012.
- Fase de “Análise de solicitudes” da Convocatoria 2012/2013.
- Fase de “Seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas” da Convocatoria 2012/2013.
- Fase de “Seguimento da xustificación de custos e liquidación” da Convocatoria 2012/2013.

No exercicio 2013, o apoio técnico da Fundación mantense nas fases da tramitación das Convocatorias dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas.

- Fase de “Seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas” da Convocatoria 2012/2013.
- Fase de “Seguimento da xustificación de custos e liquidación” da Convocatoria 2012/2013.
- Fase de “Análise de solicitudes” da Convocatoria 2013/2014.
- Fase de “Seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas” da Convocatoria 2013/2014.
- Fase de “Seguimento da xustificación de custos e liquidación” da Convocatoria 2013/2014.

No exercicio 2014, o apoio técnico da Fundación mantense nas fases da tramitación das Convocatorias dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas.

- Fase de “Seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas” da Convocatoria 2013/2014.
- Fase de “Seguimento da xustificación de custos e liquidación” da Convocatoria 2013/2014.
- Fase de “Análise de solicitudes” da Convocatoria 2014/2015.

No exercicio 2015, o apoio técnico da Fundación centrouse nas fases da tramitación das Convocatorias dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas.

- Fase de "Seguimento da xustificación de custos e liquidación" da Convocatoria 2013/2014.
- Fase de "Seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas" da Convocatoria 2014/2015.
- Fase de "Seguimento da xustificación de custos e liquidación" da Convocatoria 2014/2015.

NOTA: No exercicio 2015 prodúcese unha modificación na estrutura da Xunta de Galicia, desaparecendo a Consellería de Traballo e pasando as competencias de Formación á Consellería de Economía, Emprego e Industria. Na estrutura desta Consellería a Fundación figura asignada á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

No exercicio 2016, o apoio técnico da Fundación centrouse nas fases da tramitación das Convocatorias dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas.

- Fase de "Seguimento da xustificación de custos e liquidación" da Convocatoria 2013/2014.
- Fase de "Seguimento da xustificación de custos e liquidación" da Convocatoria 2014/2015.

NOTA: No exercicio 2016 non se publicou a convocatoria de subvencións para o financiamento de Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas 2016/2017, entre outros motivos, pola tardanza na adaptación das modificacións da normativa a nivel estatal.

No exercicio 2017, o apoio técnico da Fundación centrouse nas fases da tramitación das Convocatorias dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas.

- Fase de "Seguimento da xustificación de custos e liquidación" da Convocatoria 2013/2014.
- Fase de "Seguimento da xustificación de custos e liquidación" da Convocatoria 2014/2015.
- Fase de "Análise de solicitudes" da Convocatoria 2017/2018.

NOTA: o xoves, 31 de agosto de 2017 publicouse a ORDE do 22 de agosto pola que se convocaban as subvencións para a financiación de programas de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, en materia de formación de oferta, e se establecía as bases reguladoras para a súa concesión (convocatoria PF2017/2018).

As previsións para o exercicio 2018 son as que figuran explicadas no seguinte apartado.

Descrición da actividade:

Esta actividade pode diferenciarse segundo a convocatoria e a actividade en 3 fases nas que se poden agrupar as tarefas propias da xestión:

1. Fase 3/3→ "Seguimento da xustificación de custos e liquidación" da Convocatoria 2014/2015.
2. Fase 2/3→ "Seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas" da Convocatoria 2017/2018.
3. Fase 3/3→ "Seguimento da xustificación de custos e liquidación" da Convocatoria 2017/2018.

Débese ter en conta que as Convocatorias dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas non son coincidentes cós anos naturais, polo que nun mesmo exercicio pódense levar a cabo diversas fases de distintas convocatorias.

Plans de Formación 2014/2015:
Xestión da Convocatoria de Oferta

- **Fase 3/3: SEGUIMIENTO DA XUSTIFICACIÓN DE CUSTOS E LIQUIDACIÓN (PF2014/15 pendentes de resolución)**

Inicio: xaneiro 2018

Previsión de remate: marzo 2018

A encomenda centrase no capítulo IV "Execución, xustificación de custos e liquidación" en concreto nos artigos referidos á xustificación de custos e liquidación da ORDE do 24 de outubro de 2014 pola que se aprobou a Convocatoria de subvencións para o financiamento de Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico.

Baixo as directrices do Servizo de Xestión Administrativa de Orientación e Promoción Laboral, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para o desenvolvemento desta actividade, a función principal que desenvolverá o persoal técnico da Fundación nesta fase de seguimento da xustificación de custos e liquidación descríbese de seguido.

Unha vez finalizada a actividade de revisión da execución de todo o Plan de Formación, a análise de toda a documentación da solicitude de liquidación final e o re/cálculo cos datos reais de seguimento técnico (de ser o caso, as minoracións tras a revisión final da documentación aportada pola entidade beneficiaria) rematarase a xestión dos PF2014/15 pendentes de Resolución e tras consulta coa xefa do Servizo elabóranse diversos documentos entre os que destacan:

- Proposta de iniciación do procedemento de perda parcial do dereito ao cobramento da subvención (borradores revisados e complementados xuridicamente pola xefatura do Servizo).
- E finalmente unha vez obtida a conformidade da entidade, iniciase o proceso de Resolución que requirirá un informe do técnico asignado para o seguimento do Plan, conforme levaron a cabo os traballos de xestión e liquidación do Plan de acordo coa antedita convocatoria, a guía publicada na páxina web da Xunta de Galicia e a citada encomenda, baixo as directrices da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e elaborarán a táboa co resumo dos datos económicos principais do Plan de Formación.
- Prepararase a documentación da solicitude de liquidación e os cálculos dos importes definitivos (respecto á subvención outorgada, a cantidade xustificada admitida o anticipo e/ou posibles pagamentos parciais tramitados con anterioridade) para remitir á Intervención Delegada xunto coa documentación obrigatoria correspondentes a dito Plan, para continuar coa súa tramitación final dos Plans de Formación subvencionados.

No caso de entidades beneficiarias que presentaron recursos por desconformidade coa proposta de resolución da liquidación presentada, os técnicos da Fundación terán que volver a facer unha nova revisión detallada dos conceptos con discrepancia dos Programas afectados e volver a informar ao Servizo de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego e/ou á Subdirección de Promoción Laboral da Dirección Xeral de O.P.L. e facilitar toda a información e clarexar dúbidas ás persoas responsables de dar resposta aos posibles recursos que se poidan presentar.

PECHE DA XESTIÓN da Convocatoria de Plans de Formación 2014/2015:

Unha vez resolta a liquidación os técnicos da fundación arquivaran definitivamente a documentación xerada ao longo de todo o seguimento, desde a fase de solicitude ata a resolución de liquidación dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas subvencionados na Convocatoria 2014/15.

Por último, comprobaranse os datos económicos antes de incluír as datas de fiscalización na aplicación informática.

Obxectivo fundamental do apoio á Convocatoria de Plans de Formación 2014/2015:

Finalizar a xestión da fase de "Seguimento da Xustificación de Custos e Liquidación" dos Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas da Convocatoria 2014/15, (ORDE do 24 de outubro de 2014) pendentes de liquidar a 31/12/2016, en concreto os plans de formación pendentes de recibir ou dar resposta á proposta de iniciación do procedemento de perda parcial do dereito ao cobramento da subvención ou dá Resolución Final da Dirección Xeral.

NOTAS:

- Coa activación da nova aplicación SIFO3 xurdiron dificultades técnicas, o que motivou que o 25/09/2015 se notificase ás entidades beneficiarias da dita convocatoria a ampliación do prazo para a presentación da liquidación.
- O exposto anteriormente supuxo que ata febreiro de 2016 seguiran recibíndose liquidacións dos plans de formación subvencionados ao abeiro da convocatoria 2014/2015.
- Ao longo do exercicio 2017 a maioría das liquidacións foron resoltas, quedando algunhas con incidencias pendentes de resolver.

Programas de Formación 2017/2018:

Apoio á Convocatoria de Oferta

(Fases de seguimento da execución das accións formativas subvencionadas e da xustificación de custos e liquidación)

A ORDE do 22 de agosto de 2017 pola que se convocaban as subvencións para o financiamento de Programas de Formación, dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, en materia de formación de oferta, foi publicada no DOG do 31 de agosto de 2017.

Na Fundación levase a cabo o desenvolvemento da totalidade da xestión técnica tanto das solicitudes presentadas como das subvencionadas, a xestión se divide en 3 fases principais, que habitualmente abarcan dous exercicios económicos.

- Fase 1/3: ANÁLISE DE SOLICITUDES.
- Fase 2/3: SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS SUBVENCIONADAS.
- Fase 3/3: SEGUIMIENTO DA XUSTIFICACIÓN DE CUSTOS E LIQUIDACIÓN.

Por tanto, no último trimestre do exercicio 2017 iniciouse a xestión desta convocatoria PF2017/2018 desenvolvendo integramente a primeira das tres fases nas que se pode diferenciar a xestión técnica de seguimento dos Programas de Formación ("Análise de Solicitudes") e para o exercicio 2018 a previsión é o desenvolvemento completo das tarefas correspondentes á segunda fase ("Seguimento da Execución das Accións Formativas Subvencionadas") e iniciar o desenvolvemento das correspondentes á terceira fase ("Seguimento da Xustificación de Custos e Liquidación") que se describen de seguido.

• Fase 2/3: SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS SUBVENCIONADAS

Previsión de inicio: xaneiro 2018

Previsión de remate: outubro 2018

A encomenda centrase no Capítulo V "Execución dos programas de formación", en concreto nos artigos referidos á execución, obrigas e documentación de xestión da ORDE do 22 de agosto de 2017 pola que se aprobou a Convocatoria.

Unha vez rematada a xestión da revisión do 100% das solicitudes presentadas dos Programas de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas da Convocatoria 2017/18, desde a data de notificación da Resolución de Concesión da Subvención ata o día 30 de setembro de 2018 as entidades beneficiarias poderán executar os programas de formación. A actividade do equipo técnico da Fundación, seguindo as directrices recibidas do Servizo de Xestión Administrativa de Orientación e Promoción Laboral, centrase fundamentalmente nas seguintes tarefas:

- Revisión, análise e, de ser o caso, validación da documentación xerada na execución das Accións Formativas dos Programas de Formación subvencionados: documentación remitida (de xestión tanto de alumnos como de docentes e lugares de impartición, diplomas de exentos dos módulos transversais, actas da oficina de emprego, pólizas do seguro, etc.).
- Controlar que o desenvolvemento das Accións Formativas vinculadas aos Certificados de Profesionalidade axustase á normativa vixente (cotexar coa normativa correspondente de cada un dos Certificados de Profesionalidade o perfil dos docentes e o perfil académico dos alumnos, modalidade de impartición, horas, programación, etc.) e cotexar que o centro de formación figura como homologado para a impartición do Certificado de Profesionalidade solicitado. Elaborar informes específicos destas Accións Formativas a petición da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Controlar que o desenvolvemento das Accións Formativas incluídas no Catálogo de Especialidades axustase ás indicacións dos Programa.
- Supervisar a xestión das entidades beneficiarias nos distintos momentos do proceso de impartición das distintas Accións Formativas: informarlles da situación para facilitarlles e axilizar a súa xestión, resolver problemas e clarear dúbidas da distinta casuística que poidan darse no período de execución.
- Verificar que a realización da actividade formativa axustase ás condicións e requisitos formais e materiais que se establecen na orde de convocatoria, así como coas condicións de aprobación que serviron de base para determinar a avaliación técnica e a subvención concedida (xestión telemática das bolsas, colectivos seleccionados).
- De ser o caso, redactar os requirimentos ás entidades beneficiarias sobre a documentación obrigatoria pendente de remitir, aclaracións ou información complementaria xustificativa, que serán remitidos ás entidades beneficiarias tras revisión do Servizo de Xestión Administrativa de Orientación e Promoción Laboral. Posteriormente revisar e analizar as respostas emitidas.
- Revisión e análise dos informes dos controis de teleformación realizados polos participantes de accións impartidas parcialmente pola modalidade de teleformación, comprobando que a cantidade é, como mínimo, a indicada na convocatoria e que os resultados dos alumnos, tamén segundo convocatoria, son os correctos, en caso contrario solicitarase rectificación.
- Seguimento telefónico aleatorio do 30% dos alumnos de accións formativas con horas, dos módulos específicos, impartidas por teleformación, o que implica:
 - Recopiar a información necesaria para a posterior elaboración das táboas para recoller o contido das observacións obtidas nas chamadas.
 - Efectuar as chamadas e recoller as opinións do alumnado nas táboas elaboradas previamente polo persoal da fundación.
 - Facer cálculos estatísticos do alumnado contactado.
 - Cotexar as respostas cos controis de teleformación e cos resultados do alumnado.
 - No caso de detectar irregularidades, informar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
 - Elaborar informes de resultados para á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

- Nas Accións Formativas vinculadas aos Certificados de Profesionalidade comprobar que figuran todos os anexos obrigatorios e revisar que as Actas de Avaliación Parciais e as Actas de Avaliación Finais se axustan á normativa de Certificados de Profesionalidade e que os datos do alumnado, profesorado, etc. son correctos, segundo os datos da xestión dos Plans de Formación.
- Comparar os informes facilitados polo do Servizo de Verificación de Fondos cos datos obtidos nas visitas en tempo real ás accións formativas impartidas, total ou parcialmente, pola modalidade presencial, efectuadas polos técnicos visitadores dos centros nos que se imparte a formación cos nosos datos baseados na información aportada pola entidade beneficiaria e, de ser o caso, avaliar e informar á subdirección xeral de Promoción para tomar decisións sobre as posibles consecuencias.
- Analizar os informes da entidade externa que fará a auditoría de todos os Programas de Formación 2017 subvencionados para detectar a relevancia, ou non, das observacións realizadas polo equipo técnico da empresa externa e, de ser o caso, informar á subdirección xeral de Promoción sobre as observacións e posibles consecuencias cara a liquidación económica.
- Comprobar que a execución das Accións Formativas dos Programas de Formación 2017/2018 está finalizada correctamente antes de iniciar o proceso de xustificación de custos e liquidación.

• **Fase 3/3: SEGUIMIENTO DA XUSTIFICACIÓN DE CUSTOS E LIQUIDACIÓN**

Inicio: xuño 2018

Previsión de remate: decembro 2018

A encomenda centrase no capítulo VI "Pagamento e xustificación" en concreto nos artigos referidos ao pagamento e liquidación das subvencións, documentación xustificativa e instrucións de xustificación de custos da ORDE do 22 de agosto de 2017 pola que se aprobou a Convocatoria.

Baixo as directrices do Servizo de Xestión Administrativa de Orientación e Promoción Laboral, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para o desenvolvemento desta actividade, a función principal que desenvolverá o persoal técnico da Fundación nesta fase de seguimento da xustificación de custos e liquidación descríbense de seguido.

Unha vez finalizada a actividade de revisión da execución de todo o Programa de Formación e tras comprobar que a realización da actividade formativa axustase ás condicións e requisitos formais e materiais que se establecen na orde de convocatoria, así como coas condicións de aprobación que serviron de base para determinar a avaliación técnica e a subvención concedida, procederase á análise da solicitude de liquidación final do Programa de Formación presentada pola entidade beneficiaria.

Neste exercicio 2018 iníciase esta fase de seguimento da xustificación de custos e liquidación. Terá lugar a revisión e análise de toda a documentación aportada pola entidade beneficiaria na aplicación SIFO3, esta revisión afectará aos impresos normalizados de liquidación dos Programas de Formación e a todos os xustificantes de gastos elixibles que constan no expediente (facturas, nóminas, xustificantes bancarios, TC2, contratos, presupostos, informes da avaliación da calidade, etc.) así como se cotexarán os resultados obtidos da análise cos datos que figuraban tanto na solicitude do Programa de Formación (datos tidos en conta na valoración técnica que propicia a subvención) e os datos finais obtidos na fase de execución das accións formativas, tales como os obtidos:

- da documentación de alumnos e de docentes,
- do cumprimento das porcentaxes obrigatorias que figuran na convocatoria (exemplo: o total de desempregados no total dos Programas ou o total de horas de formación correspondentes aos desempregados no total dos Programas),
- dos compromisos contraídos na solicitude respecto a criterios que afectan á valoración técnica
- dos partes de asistencia das accións formativas (nas horas impartidas por modalidade presencial) e dos controis efectuados polo alumnado (das horas impartidas modalidade de teleformación,
- do resultado do seguimento telefónico efectuado pola Fundación aos alumnos de cursos impartidos por teleformación,
- dos resultados do informe de seguimento realizado pola empresa auditora externa,,
- dos resultados dos informes remitidos polo servizo de Verificación de Fondos, sobre as visitas de seguimento aos cursos con clases presenciais para comparar có seguimento efectuado pola Fundación da documentación remitida pola entidade beneficiaria sobre as accións formativas dos plans de formación.

De ser o caso, poñerase en coñecemento do Servizo de Xestión Administrativa da Promoción Laboral, as carencias ou insuficiencias de documentación detectadas do correspondente Programa de Formación coa intención de decidir sobre a oportunidade de facer os requirimentos oportunos ás entidades beneficiarias para corrixir posibles erros ou deficiencias detectadas na documentación de xustificación económica presentada.

Por último, remataranse todas as actividades finais da revisión da xustificación de custos e liquidación para que na dirección xeral de Orientación e Promoción Laboral poda iniciarse o proceso de Resolución, neste momento as tarefas a desenvolver serán:

- Redactar os textos que darán lugar ás propostas de iniciación do procedemento de perda parcial do dereito ao cobramento da subvención por imputacións aparentemente incorrectas de custos non admisibles,
- Elaborar o informe asignado polo técnico de seguimento sobre a actividade desenvolvida como técnico de seguimento de cada un dos Programas de Formación baixo a súa inspección, de acordo coa Orde da convocatoria, as posibles indicacións publicadas na páxina web da Xunta de Galicia e a encomenda, sempre baixo as directrices da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Elaborar a táboa cos resultados da análise dos datos económicos principais do Programa de Formación para a xefatura de xestión administrativa da promoción laboral.

No caso de que as entidades beneficiarias interpoñan posibles recursos por desconformidade coa proposta de resolución da liquidación presentada, os técnicos da Fundación terán que volver a facer unha nova revisión detallada dos conceptos con discrepancia dos Programas afectados e volver a informar ao Servizo de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego e/ou á Subdirección de Promoción Laboral da Dirección Xeral de O.P.L. e facilitar toda a información e clarear dúbidas ás persoas responsables de dar resposta aos posibles recursos que se poidan presentar.

PECHE DA XESTIÓN da Convocatoria de Programas de Formación 2017/2018:

Unha vez resolta a liquidación de cada un dos Programas de Formación, os técnicos da fundación procederán ao arquivo definitivo da documentación xerada ao longo de todo o seguimento, desde o momento da solicitude da subvención ata a resolución de liquidación de cada un dos Programas de Formación subvencionados na Convocatoria PF2017/18.

Por último, comprobaranse os datos económicos antes de incluír as datas de fiscalización na aplicación informática.

Obxectivos fundamentais do apoio á Convocatoria de Programas de Formación 2017/2018:

Fase 2: Realizar a xestión do seguimento da casuística que se xere na execución das accións formativas subvencionadas dos Programas de Formación subvencionados na Convocatoria 2017/18. O volume de número de alumnos e de accións formativas previstas estimase que pode superar a tripla do xestionado na Convocatoria 2014/2015, xa que o financiamento previsto para a convocatoria PF2017/2018 é de 22.500.000€ mentres que na convocatoria de PF2014/2015 foi de 6.500.000€.

Fase 3: Iniciar a xestión da fase de "Seguimento da Xustificación de Custos e Liquidación" dos Programas de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas da Convocatoria 2017/18, (ORDE do 22 de agosto de 2017), en concreto iniciárase esta fase coa revisión das solicitudes de liquidación dos programas de formación segundo a orde de presentación. O remate desta fase para o total dos PF17 subvencionados estimase que terá lugar no exercicio 2019.

B) Recursos humanos e económicos empregados na actividade.

Recursos humanos empregados na actividade para a súa realización

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	8	8.648,64 horas anuais
Persoal con contrato de servizos	0	
Persoal voluntario	0	

Recursos económicos empregados na actividade para a súa realización

Actividade 1	% de gastos previstos	Importe
Xestión das solicitudes de axudas subvencionadas de Plans de Formación PF2014/2015 e dos Programas de Formación PF2017/18	60,06%	331.065,45€

Recursos humanos e económicos:

✓ Os recursos humanos:

- os técnicos da Fundación desenvolverán todas as tarefas descritas anteriormente (traballo de análise, control e seguimento),
- os administrativos da Fundación facilitarán apoio aos técnicos, desenvolvendo entre outras as seguintes tarefas: recepción de chamadas, control e entrega de documentación recibida pola sede electrónica da Xunta e realización de chamadas para o seguimento telefónico de participantes de teleformación,
- a directora xerente da FPGFT desempeñará a función de coordinación e control de prazos.

✓ Os recursos materiais empregados: os propios das oficinas e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- Directos:**
 - Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
 - Os membros do Padroado da Fundación.
 - As entidades solicitantes.
 - As empresas que colaboran na xestión da formación.
- Indirectos:** Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Rematar a tramitación da xustificación de custos e liquidación, dos Plans de Formación da Convocatoria 2014/2015 pendentes de resolución.	Volume de xestión de seguimento dos Plans de Formación asignados.	Xestionándose ao 100 % os Plans encomendados.
	Resolución das dúbidas suscitadas polas entidades.	Resolución do 100% das dúbidas.
Facer o seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas dos Programas de Formación PF2017/2018.	Volume de xestión de seguimento dos Programas de Formación subvencionados.	Xestionáranse ao 100% os PF 2017/2018.
	Resolución das dúbidas suscitadas polas entidades beneficiarias.	Resolución do 100% das dúbidas.
Facer o seguimento da xustificación de custos e liquidación, do 100% da subvención outorgada aos Programas de Formación PF2017/2018.	Volume de xestión de seguimento da xustificación de custos e liquidación dos Programas de Formación subvencionados.	Iniciárase a xestión do 100% os PF 2017/2018.
	Resolución das dúbidas suscitadas polas entidades beneficiarias.	Resolución do 100% das dúbidas.

ACTIVIDADE 2

A) Identificación.

Denominación da actividade	XESTIÓN DAS ORDES DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E DE CONCESIÓN DAS BOLSAS
Tipo de actividade*	Propia
Identificación da actividade por sectores **	Z99
Lugar de desenvolvemento da actividade	Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edifícios Administrativos San Lázaro, s/n – Consellería de Economía, Emprego e Industria – 15781 Santiago de Compostela

Descrición detallada da actividade prevista.

Previsión de inicio: xaneiro 2018

Previsión de remate: decembro 2018

Xustificación:

A xestión das **Ordes de Formación para o Emprego e de concesión das Bolsas e Axudas** está asignada ao persoal técnico da FPGFT.

Esta competencia ten o seu fundamento tanto na Orde do 27/01/2009 da Consellería de Traballo pola que se lle encomenda á FPGFT o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo das convocatorias da Dirección Xeral de Emprego e Formación para a concesión de axudas ás iniciativas de formación profesional para o emprego, que se vaian executar no ámbito desta Comunidade Galega, como nos propios Estatutos da FPGFT.

- o Orde do 27 de xaneiro de 2009 da Consellería de Traballo (actual Consellería de Economía, Emprego e Industria) pola que se lle encomenda á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo das Convocatorias da Dirección Xeral de Emprego e Formación (actual Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral) para a concesión de axudas ás iniciativas de formación profesional para o emprego, que se vaian executar no ámbito desta Comunidade. Na disposición nº 1 encoméndaselle á FPGFT o desenvolvemento material de diferentes actividades relacionadas, entre outras, coa tramitación de expedientes:

- Revisión e xestión administrativa das solicitudes de subvención que lle sexan remitidas pola Dirección Xeral de Emprego e Formación.
- Ao remate da revisión e xestión administrativa dos expedientes, a Fundación remitirállos á Dirección Xeral de Emprego e Formación, para seguir coa súa tramitación.
- Levar a cabo as funcións de seguimento e control das iniciativas de formación. Os datos e información relativos ás actuacións de seguimento e control serán comunicados á Dirección Xeral de Emprego e Formación, a través dos medios habilitados ao efecto.
- Corresponderá á Dirección Xeral de Emprego e Formación a recepción e rexistro da documentación da liquidación que presenten os beneficiados, que será remitida posteriormente á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo para a súa tramitación por un medio do que quede a debida constancia.

A encomenda de funcións foi aprobada previamente na sesión ordinaria nº 3 do Padroado da FPGFT do 22/12/2008.

- o Estatutos da FPGFT, no Artigo 8 de Actividades da Fundación, establécese que “para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, por aprobación da metade máis un dos membros presentes sendo dirimente, no caso de empate, o voto do/da Presidente/a, determinará as actividades que debe realizar en cada memento a Fundación, en todo caso, colaborar e asistir tecnicamente ás Comisións que poidan existir de formación para o emprego en todas aquelas actividades que determinen”. Entre elas, se sinalan as seguintes actividades:

D) Execución das funcións de xestión, seguimento e apoio técnico en materia de formación para o emprego sen prexuízo das competencias da administración.

K) Asumir e xestionar cantas actividades deleguen ou encomende a Comisión Galega de Formación Continua e a Dirección Xeral de Emprego e Formación.

L) Elevar á Comisión Galega de Formación Continua e a Dirección Xeral de Emprego e Formación as propostas normativas e procedimentais que considere oportunas en materia de formación profesional, así como elaborar os informes que lles sexan requiridos.

Introdución:

No exercicio 2017, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral solicitou ,a través da Subdirección xeral de Promoción Laboral, á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo de diferentes Convocatorias de subvencións para o financiamento das Ordes de Formación para o Emprego (para sectores estratéxicos e dos compromisos de contratación) e de concesión das Bolsas e Axudas (tanto de garantía xuvenil como para persoas traballadoras desempregadas).

As previsións para o exercicio 2018 son as que figuran explicadas no seguinte apartado.

Descrición da actividade:

Nesta actividade nº 2 poden agruparse as tarefas propias da xestión segundo a Convocatoria da correspondente Orde da que se faga o seguimento, sendo as seguintes as encomendadas en decembro de 2017:

1. “Programas de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas cofinanciados polo FSE”
2. “Programa de financiación de UFE Unidades Formativas eb Empresas con Compromiso de Contratación inmediata”
3. “Bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego”
4. “Bolsas ás persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais en empresas”

As actividades de seguimento das anteditas convocatorias desenvolverase sempre baixo as directrices do Servizo de Planificación da Promoción Laboral e do Servizo de Xestión Administrativa de Orientación e Promoción Laboral, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Por último, débese ter en conta que as Convocatorias Públicas das anteditas Ordes xeralmente non son coincidentes cós anos naturais, polo que a súa xestión non se inicia e remata nun mesmo exercicio.

1→ "Programas de Incentivos á Formación de Persoas Traballadoras Ocupadas en Sectores Estratéxicos para as Empresas Galegas Cofinanciados polo FSE"

Inicio: maio 2018

Previsión de remate: decembro 2018

Esta Orde en tramitación no exercicio 2017, ten prevista a publicación da súa Convocatoria para os exercicios 2018/19 e o código do Procedemento aínda figura "sen designar".

A actividade do persoal da Fundación centrarase no seguimento dos programas de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas cofinanciados polo FSE, desenvolvendo a totalidade da xestión técnica tanto das solicitudes presentadas como das subvencionadas.

Obxectivo fundamental

A xestión dos técnicos da Fundación centrarase na revisión das solicitudes dos programas presentadas e no seguimento completo da execución das accións formativas dos Programas de Formación subvencionados.

Respecto ao volume da actividade previsto será do 100% tendo en conta que tanto o número de participantes como o de accións formativas subvencionadas estará en función do financiamento previsto para dita Convocatoria.

O remate do seguimento desta Orde estimase que terá lugar no exercicio 2019.

2→ "Programa de financiación de Accións Formativas con Compromiso de Contratación inmediata"

Inicio: marzo 2018

Previsión de remate: decembro 2018

Esta Orde en tramitación no exercicio 2017, ten prevista a publicación da súa Convocatoria para o exercicio 2018 e o co código de Procedemento "TR301P"

A actividade do persoal da Fundación centrarase no seguimento das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas, desenvolvendo a totalidade da xestión técnica tanto das solicitudes presentadas como das subvencionadas.

Obxectivo fundamental

O obxectivo desta orde é combinar a necesidade da empresa de ter traballadores cualificados adaptados aos seus métodos de produción coa procura activa de emprego por parte dos traballadores desempregados. A empresa, por unha banda, pode satisfacer as súas necesidades máis inmediatas, determinadas pola expansión da súa actividade ou a apertura de novas liñas de negocio, cubrindo a ausencia de persoal o desempeño dun traballo na empresa. Deste xeito, existe un forte vínculo entre a formación e o emprego.

A xestión dos técnicos da Fundación centrarase na revisión das solicitudes dos programas presentadas e no seguimento completo da execución das accións formativas dos Programas de Formación subvencionados.

Respecto ao volume da actividade previsto será do 100% tendo en conta que tanto o número de participantes como o de accións formativas subvencionadas estará en función do financiamento previsto para dita Convocatoria, estimase que sexa similar ao da convocatoria de 2017 (1.200.000€).

O remate do seguimento desta Orde estimase que terá lugar no exercicio 2018.

3→ "Bolsas e Axudas para Persoas Traballadoras Desempregadas que participen en Accións Formativas de Formación Profesional para o Emprego"

Inicio: marzo 2018

Previsión de remate: decembro 2018

Esta Orde en tramitación no exercicio 2017, ten prevista a publicación da súa Convocatoria para os exercicios 2018/19 e o co código de Procedemento "TR301V".

A actividade do persoal da Fundación centrarase no seguimento das subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego, desenvolvendo a totalidade da xestión técnica tanto das solicitudes presentadas como das subvencionadas.

Obxectivo fundamental

O obxecto desta orde é regular o réxime da concesión directa de subvencións por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria en concepto de bolsas e axudas para as persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, así como nas accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas, no marco da formación de oferta da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

A xestión dos administrativos da Fundación centrarase na tramitación que inclúe tanto a verificación dos requisitos exigidos ás persoas traballadoras desempregadas que participen nas anteditas accións formativas para cada tipo de bolsa ou axuda como a comprobación da asistencia do alumnado na correspondente acción formativa para ter dereito a percibir a bolsa ou axuda.

Respecto ao volume da actividade previsto será do 100% das bolsas e axudas tramitadas en servizos centrais da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral correspondente ao exercicio 2018, tanto da convocatoria publicada en 2017 como da prevista para o 2018. O importe total da próxima convocatoria 2018/2019 estimase que sexa similar ao da convocatoria anterior (6.963.120 euros).

4→ "Bolsas ás Persoas Novas Inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil que realizan Prácticas Non Laborais en Empresas"

Inicio: xaneiro 2018

Previsión de remate: decembro 2018

Esta Orde do 14 de setembro de 2017 foi publicada no DOG 29/09/2017, para os exercicios 2017/18 e ten o código de Procedemento "TR363A".

A actividade do persoal da Fundación centrarase no seguimento das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais en empresas, desenvolvendo a totalidade da xestión técnica tanto das solicitudes presentadas como das subvencionadas.

Obxectivo fundamental

O obxecto desta orde é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no relativo ás axudas para o financiamento ás empresas das bolsas das persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais nestas empresas.

A xestión dos administrativos da Fundación centrarase na tramitación da documentación presentada polas empresas para ter dereito ao cobramento da subvención que inclúe, entre outras, a verificación do prazo para o inicio das prácticas como a súa duración e o puntual aboamento ás persoas novas participantes dunha bolsa de apoio cuxa contía neta deberá cumprir uns mínimos.

Respecto ao volume da actividade previsto será do 100% das bolsas no exercicio 2018, tanto da convocatoria publicada en 2017 como da prevista para o 2018. O importe total da próxima convocatoria 2018/2019 estimase

que sexa similar ao da convocatoria anterior (553.073 euros para 2 exercicios).

B) Recursos humanos e económicos empregados na actividade.

Recursos humanos empregados na actividade para a súa realización

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	8	1.445,76 horas anuais
Persoal con contrato de servizos	0	
Persoal voluntario	0	

Recursos económicos empregados na actividade para a súa realización

Actividade 2	% de gastos previstos	Importe
Xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo de diferentes Convocatorias de subvencións para o financiamento das Ordes de Formación para o Emprego e de concesión das Bolsas e Axudas	10,04%	55.342,94€

Recursos humanos e económicos:

✓ Os recursos humanos:

- Os técnicos da Fundación, contando co apoio dos administrativos, desenvolverán todas as tarefas correspondentes coas Ordes:
 - "Programas de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas cofinanciados polo FSE".
 - "Subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas".
- Os administrativos da Fundación desenvolverán todas as tarefas correspondentes coas Ordes:
 - "Bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego".
 - "Bolsas ás persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais en empresas".
- A directora xerente da FPGFT desempeñará a función de coordinación e control de prazos.

- ✓ Os recursos materiais empregados: os propios das oficinas e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- Directos:

- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Os membros do Padroado da Fundación.
- As entidades solicitantes e as empresas que colaboran na xestión da formación.
- As empresas e as persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos.
- As persoas traballadoras desempregadas con dereito ao cobro de bolsas e axudas
- As empresas, ou grupos empresariais, con centro de traballo en Galicia que subscriban acordos con persoas novas para a realización de prácticas non laborais
- As persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais en empresas

- Indirectos: Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Facer o seguimento da solicitude de Programas e da execución das Accións Formativas para sectores estratéxicos 2018/2019.	Volume de xestión de seguimento dos Programas asignados.	Xestionándose ao 100 % os Programas encomendados.
	Resolución das dúbidas suscitadas polas entidades.	Resolución do 100% das dúbidas.
Facer o seguimento da solicitude e da execución das Accións Formativas con compromiso de contratación desenvolvidas no exercicio 2018.	Volume de xestión de seguimento das AAFF con compromiso de contratación asignados.	Xestionándose ao 100 % as AAFF con compromiso de contratación en 2018.
	Resolución das dúbidas suscitadas polas entidades beneficiarias.	Resolución do 100% das dúbidas.
Facer o seguimento das solicitudes de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas participantes nas Accións Formativas no exercicio 2018.	Volume de xestión de seguimento e tramitación das solicitudes bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas participantes nas AAFF no exercicio 2018.	Tramitarase o 100% das bolsas en 2018.
	Resolución das dúbidas suscitadas polas entidades beneficiarias.	Resolución do 100% das dúbidas.
Facer o seguimento das solicitudes de bolsas para persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais en empresas no exercicio 2018.	Volume de xestión de seguimento e tramitación das solicitudes bolsas para persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais en empresas no exercicio 2018.	Tramitarase o 100% das bolsas en 2018.
	Resolución das dúbidas suscitadas polas entidades beneficiarias.	Resolución do 100% das dúbidas.

ACTIVIDADE 3

A) Identificación.

Denominación da actividade	INFORMES, ESTUDOS E GRUPOS DE TRABAJO 2018
Tipo de actividade*	Propia
Identificación da actividade por sectores **	Z99
Lugar de desenvolvemento da actividade	Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edifícios Administrativos San Lázaro, s/n – Consellería de Economía, Emprego e Industria – 15781 Santiago de Compostela

Descrición detallada da actividade prevista.

Previsión de inicio: xaneiro 2018

Previsión de remate: decembro 2018

Xustificación:

Esta actividade ten o seu fundamento no Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de interese Galego e nos Estatutos da FPGFT:

- Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, artigo 27, de Publicidade das actividades fundacionais, onde di: “en atención ó deber de publicidade establecido para as fundacións de interese galego, no artigo 31.b) da Lei 12/2006 de 1 de decembro, e sen prexuízo do seu anuncio de difusión xeral, deberán publicar na súa sede electrónica, de contar con unha, a expresión dos fin fundacionais, as actividades proxectadas, así como as condicións e requisitos dos concursos e axudas que convoquen durante o citado exercicio”.
- Estatutos da FPGFT, no Artigo 8 de Actividades da Fundación, establécese que “para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, por aprobación da metade máis un dos membros presentes sendo dirimite, no caso de empate, o voto do/da Presidente/a, determinará as actividades que debe realizar en cada momento a Fundación, en todo caso, colaborar e asistir técnicaamente ás Comisións que poidan existir de formación para o emprego en todas aquelas actividades que determinen”.
Entre as distintas actividades a desenvolver, se sinalan as seguintes:
 - A) Propoñer criterios orientativos para a elaboración de plans e actuacións de mellora en materia de formación para o emprego e recomendacións para a negociación colectiva.
 - E) A realización de todo tipo de estudos, análise e prospectivas, así como a prestación de servizos relacionados e que redunden no cumprimento dos fins fundacionais.
 - L) Elevar á Comisión Galega de Formación Continua e a Dirección Xeral de Emprego e Formación as propostas normativas e procedimentais que considere oportunas en materia de formación profesional, así como elaborar os informes que lles sexan requiridos.

Introdución:

Dende o exercicio 2010, os técnicos da Fundación teñen elaborados diversos Informes, Estudos e Propostas tanto a petición da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral como por iniciativa propia da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo. Ditos informes e estudos teñen como obxectivo dar resposta ás necesidades detectadas de información e/ou formación, especialmente indicadas desde a Dirección Xeral e/ou Padroado da FPGFT.

Tamén, dende finais do exercicio 2011 os técnicos da Fundación veñen participando en Grupos de Traballo, xunto co persoal dos distintos departamentos da D.X., coa empresa contratada para o deseño da nova aplicación informática para a xestión das distintas iniciativas da D.X. de Emprego e Formación (SIFO3), colaborando especialmente no referido á Convocatoria de Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas. Desde a posta en

funcionamento da nova aplicación SIFO3 en 2015, seguiron tendo lugar ditas reunións de traballo para solucionar as incidencias técnicas detectadas e para adaptar SIFO3 ás novidades das distintas Convocatorias publicadas con posterioridade á posta en marcha da aplicación informática da D.X., a previsión indica que seguirán tendo lugar coa posta en marcha por primeira vez a través da aplicación SIFO3 a fase de Seguimento da Execución das Accións Formativas Subvencionadas.

"Informes e Estudos"

Dentro da actividade habitual de elaboración de Informes e Estudos, ao longo do exercicio 2018 elaborárase un Estudo do Impacto da Formación dirixida prioritariamente a Persoas Traballadoras ocupadas en Galicia, dito estudo basearase nunha análise pormenorizada dos resultados obtidos nos diferentes factores cuantitativos avaliados, tales como o financiamento, o número de traballadores formados ou o tipo de accións formativas impartidas, etc.

Por tanto, dentro dos obxectivos fundamentais destacará o de coñecer os resultados, efectos e impactos dos programas de formación para tomar decisións respecto á calidade, a pertinencia e a equidade dos programas e a previsión será ter unha visión real dos seguintes factores:

- a eficacia do Sistema vendo se os resultados se corresponden coas metas establecidas
- a eficiencia dos recursos económicos e medios empregados respecto aos resultados obtidos
- a incidencia da formación para o emprego en Galicia

Tanto o antedito Estudo do Impacto como o Estudo de Detección de Necesidades Formativas (actividade nº 6) a Fundación ten a intención de elevalos á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para dar cumprimento ao fin de realizar actividades de mellora da formación profesional para o emprego, os seus resultados poderán ser de utilidade para verificar o alcance e tamén os posibles desvíos dos obxectivos previstos. Ditos estudos terán unha difusión xeral, serán publicados na sede electrónica da Fundación.

Descrición da actividade (Informes e Estudos):

- Redactar, tras revisión e comprobación da documentación pertinente, diferentes documentos para pasar á sinatura da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral:
 - Para participantes: borradores dos certificados de participación no Módulo de Prácticas Laborais e/ou de Módulos de Formación, en cursos vinculados aos certificados de profesionalidade.
 - Para docentes: borradores dos certificados de experiencia.
 - Para entidades: borradores dos certificados de execución de formación.
- Preparar diferentes borradores con respostas a solicitudes externas, segundo indicacións previas:
 - Para participantes: respostas a diferente tipo de solicitudes, como certificados de aptos en módulos formativos vinculados a certificados de profesionalidade e/ou en accións formativas de formación profesional para o emprego.
 - Para entidades: respostas a diferente tipo de solicitudes (elaboración de requirimentos en diferentes fases de xestión, modificacións de datas de impartición de accións formativas, modificacións no orde de impartición dos módulos de formación, respostas a solicitudes de ampliacións de prazos, etc.).
- Facilitar propostas de mellora (tanto de procedementos como de instrumentos ou ferramentas de xestión). A previsión é a realización de novas propostas que en moitos casos serán continuación doutras presentadas nos exercicios anteriores.
- Elaborar ou preparar toda a documentación solicitada pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para presentar ante o Padroado ou calquera organismo do goberno da Comunidade Autónoma ou do Estado.
- Facer traballos de análise de información dos datos obtidos do desenvolvemento dos Plans ou Programas de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, dos últimos exercicios.
- Propoñer suxestións para a Convocatoria de Programas de Formación 2018/2019 para traballadores ocupados, a petición da D.X.

- Calquera outra que a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral ou Padroado estime oportuna.

En función do tipo de estudo, informe ou comunicado podería ser necesario o desenvolvemento dalgunhas ou todas as tarefas que se relacionan a continuación:

- Detectar a necesidade e utilidade do estudo, proposta, etc.
- Informar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da posibilidade de elaboración.
- Buscar e clasificar a información e documentación precisa.
- Tabular os datos informativos e facer a análise estatístico.
- Elaborar táboas e gráficos.
- Estudar e facer a análise cualitativa da información obtida polas distintas fontes.
- Elaborar estimacións, conclusións, suxestións e propostas.
- Redactar os documentos a presentar.
- Dar formato ao informe.
- Presentar e axustar ou ampliar os informes para dar resposta a outras posibles necesidades.

"Grupos de Traballo"

A participación nos grupos de traballo xunto cos técnicos da Dirección Xeral de Emprego e Formación foi iniciada a finais do exercicio 2011 coa análise de xestión económica (análise funcional da xestión de anticipos, custos e liquidación), continuando posteriormente (nos exercicios 2012, 2013 e 2014) coa análise de solicitude das subvencións (rexistro de entidades, rexistro de nova solicitude e tramitación da solicitude) e iniciando o apartado da análise da xestión do seguimento da impartición da formación.

No ano 2015 sigue a ter lugar a participación nos Grupos para colaborar na fase final da análise da xestión do seguimento da impartición da formación antes da posta en marcha da nova aplicación informática de xestión de convocatorias de formación, a cal tivo lugar no segundo semestre deste exercicio.

Posteriormente no exercicio 2016 e 2017 os Grupos tiveron como obxectivo comunicar as incidencias detectadas para que a empresa contratada para a creación da aplicación dera coa solución dos fallos técnicos detectados no funcionamento e verificar o correcto funcionamento e a comprobar que as correccións son as adecuadas.

A previsión para o exercicio 2018 é seguir participando cara a adaptación da aplicación SIFO3 tanto ás exigencias da fase de Seguimento da Execución das Accións Formativas Subvencionadas, como ás novidades da Convocatoria de Programas de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas da que sexa posible a súa publicación no exercicio 2018 ou 2019.

Dentro das tarefas específicas é de destacar a elaboración e presentación de propostas sobre os temas que se traten nas distintas reunións, xunto coa aclaración das dúbidas ou suxestións que puideran planearse por parte da empresa contratada e revisión, comprobación e verificación do funcionamento da aplicación.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	8	1.296 horas anuais
Persoal con contrato de servizos	0	
Persoal voluntario	0	

Recursos económicos e humanos:

- ✓ Os recursos materiais empregados: os propios das oficinas e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.

✓ Os recursos humanos:

- Os informes, Estudos e asistencia aos Grupos de traballo serán desenvolvidos polo persoal técnico da Fundación.
- As tarefas de dar formato aos documentos elaborados e a tramitación dos posibles envíos serán competencia do persoal administrativo da Fundación.
- Actividades desenvolvidas baixo a supervisión da directora xerente da FPGFT.

Recursos económicos empregados na actividade para a súa realización

Actividade 3	% de gastos previstos	Importe
Informes, Estudos e Grupos de Traballo 2018	9,00%	49.610,21€

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- **Directos:**
 - A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e/ou os membros do Padroado da Fundación.
 - A empresa contratada para a elaboración e mantemento da aplicación SIFO3 da Dirección Xeral.
- **Indirectos:**
 - As empresas e traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) do tecido laboral de Galicia.

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Asesorar e facer propostas de mellora á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral nos prazos precisos segundo a tipoloxía.	Estudos ou propostas redactadas e presentadas á Dirección Xeral.	Elaboraranse como mínimo 5 estudos de distinta natureza.
	Cumprimento dos prazos asignados para o asesoramento ou elaboración de informes solicitados.	100% cumprimento de prazos establecidos pola D.X.
Participar nos grupos de traballo que se celebran na Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para solucionar as incidencias técnicas da nova aplicación informática para a xestión das distintas iniciativas da D.X. (SIFO3). Aplicación posta en marcha en 2015.	Participar nas reunións ás que sexa convocada a Fundación.	Participar en todas as reunións convocadas.
	Elaborar e presentar as distintas Propostas solicitadas nas reunións de traballo.	Elaborar a totalidade das Propostas solicitadas.
	Revisión, comprobación e verificación do funcionamento da aplicación SIFO3	100% cumprimento de prazos establecidos pola D.X.

ACTIVIDADE 4

A) Identificación.

Denominación da actividade	ASESORAMENTO TÉCNICO E DIFUSIÓN DO SISTEMA
Tipo de actividade*	Propia
Identificación da actividade por sectores **	Z99
Lugar de desenvolvemento da actividade	Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edificios Administrativos San Lázaro, s/n – Consellería de Economía, Emprego e Industria – 15781 Santiago de Compostela

* Indíquese se se trata dunha actividade propia ou mercantil

** Véxase clasificación en anexo

Descrición detallada da actividade prevista.

Previsión de inicio: xaneiro 2018

Previsión remate: decembro 2018

Xustificación:

Dita solicitude ten o seu fundamento na Orde do 27 de xaneiro de 2009 da Consellería de Traballo e nos Estatutos da Fundación.

- Orde do 27 de xaneiro de 2009 da Consellería de Traballo pola que se lle encomenda á Fundación Galega da Formación para o Traballo o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo das Convocatorias da Dirección Xeral de Emprego e Formación para a concesión de axudas ás iniciativas de formación profesional para o emprego, que se vaian executar no ámbito desta Comunidade. Na disposición nº 1 encoméndaselle á FPGFT o desenvolvemento material de diferentes actividades relacionadas entre outras, con o asesoramento e a difusión:
 - Ofrecer a información e orientación demandada polos interesados, así como o apoio técnico necesario que lle sexa solicitado pola Dirección Xeral de Emprego e Formación.
 - Encargarase tamén de dar apoio técnico, da xestión e do desenvolvemento da formación en orixe.
- Estatutos da FPGFT, no Artigo 8 de Actividades da Fundación, establécese que “para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, por aprobación da metade máis un dos membros presentes sendo dirimite, no caso de empate, o voto do/da Presidente/a, determinará as actividades que debe realizar en cada memento a Fundación, en todo caso, colaborar e asistir técnicalemente ás Comisións que poidan existir de formación para o emprego en todas aquelas actividades que determinen”.

Entre ás distintas actividades, se sinalan as seguintes:

- B) Contribuír ao impulso e difusión entre empresarios e traballadores do sistema de formación para o emprego.
- M) Dar asistencia e asesoramento as PEMES, e á representación legal dos traballadores/traballadoras, posibilitando a súa incorporación ao sistema, así como os apoio técnico aos órganos de administrativos competentes na orientación dos traballadores/traballadoras.

Introdución:

A previsión para o exercicio 2018 é a continuación da actividade iniciada no ano 2010 e desenvolvida ininterrompidamente nos seguintes exercicios.

Descrición da actividade:

O asesoramento facilitado encádrase nas diferentes Iniciativas de Formación para o Emprego sendo a máis significativa a **Formación de Oferta** que comprende os Programas de Formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados e as Accións Formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados co fin de ofrecerlles unha formación que lles capacite para o desempeño cualificado das profesións e o acceso ó emprego.

As actuacións de asesoramento centraranse en dúas áreas principais de actuación:

• **A) Atención de consultas** (escritas, telefónicas e persoais)

Tarefas a desenvolver polos técnicos da Fundación:

- Información sobre as diferentes Convocatorias.
- Resolución de dúbidas en canto ós requisitos para poder acceder ás diferentes iniciativas.
- Orientación nos procedementos, así como sobre a Aplicación informática de bonificacións.
- Información sobre procedemento de recoñecemento para a acreditación das competencias adquiridas pola experiencia profesional ou por vías de formación non formal.
- Verificación, a petición da Subdirección Xeral das Cualificacións, tanto dos requisitos dos centros como dos docentes e do alumnado das accións formativas vinculadas aos certificados para a acreditación do alumnado de Unidades Formativas e/ou Módulos Formativos e/ou certificados de profesionalidade cursadas con proveito dentro das distintas Convocatorias de subvencións para o financiamento de Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas para a acreditación dos certificados de profesionalidade solicitados.
- Calquera outra relacionada coas Iniciativas de Formación para o Emprego.

• **B) Accións de difusión do Sistema** (participación en actos de difusión externos)

Tarefas a desenvolver pola dirección da Fundación, có apoio técnico e/ou administrativo, de ser preciso:

- Xornada de Formación de Emprendedores: programación, organización e participación como relatores en Xornada programada pola Fundación, acción desenvolvida pola Fundación a iniciativa propia do Padroado da Fundación e/ou da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Participación de persoal da Fundación para acudir como relatores ou invitados en mesas de traballo: estas accións desenvolveranse a iniciativa propia do Padroado da Fundación ou previa solicitude de organismos públicos e privados, empresas, entidades, asociacións, organizacións.
- Páxina web: continuarase coa actualización e mantemento de dita páxina, como un medio de difusión do Sistema da Formación para o Emprego e de achegamento das actividades da Fundación aos usuarios potenciais.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	8	460,80 horas anuais
Persoal con contrato de servizos	0	
Persoal voluntario	0	

Recursos económicos e humanos:

✓ Os recursos materiais empregados:

Os propios das oficinas e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.

✓ Os recursos humanos:

- Os técnicos da Fundación, de forma indistinta, realizarán as tarefas propias do asesoramento (resposta a dúbidas e incorporación de consultas aos documentos de calidade, ou preparación de relatorios e a súa exposición, e/ou preparación de documentación para a páxina web).
- Os administrativos da Fundación levarán a cabo a recollida de datos, a adaptación de textos a formato da Fundación e a subida dos contidos e actualización á web, segundo instrucións recibidas.
- A directora Xerente da Fundación será a responsable das actividades de difusión do sistema e desenvolverá o control e supervisión directa do estado da páxina web.

Recursos económicos empregados na actividade para a súa realización

Actividade 4	% de gastos previstos	Importe
Asesoramento Técnico e Difusión do Sistema	3,20%	17.639,19€

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número Previsto
Persoas físicas	
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- **Directos:**
Usuarios do sistema de formación e emprego (organizacións empresariais e sindicais, centros de formación, empresas en xeral, traballadores en situación de desemprego ou empregados implicados e sensibilizados coa formación permanente).
- **Indirectos:**
O público asistente a posibles xornadas onde se participe como relatores ou usuarios en xeral que entren na páxina web.

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
<u>Asesoramento técnico:</u> Informar e resolver todas as dúbidas aos usuarios do sistema de formación para o emprego (fundamentalmente: formación de oferta, formación de demanda e cualificacións-competencias clave), nun tempo inferior a 48 horas.	Consultas atendidas.	Atenderanse o 100 % das consultas recibidas.
	Rapidez na atención das consultas atendidas.	≥95% será a porcentaxe de consultas atendidas con inmediatez
	Avaliación da satisfacción dos usuarios coas respostas obtidas.	Considerarase idóneo unha porcentaxe de ≥98% na satisfacción dos usuarios.
<u>Difusión do sistema:</u> mantemento dos contidos da páxina web e programación, organización e participación como relatores en Xornadas ou eventos de difusión do Sistema (internos ou externos)	Actualización de contidos da páxina web.	≥2 días actualización.
	Organización de Xornada de difusión	Acadar unha porcentaxe do ≥ 98% na valoración positiva dos asistentes..
	Participación como relatores en actividades de difusión de outras actividades	Atender o 100% das invitacións recibidas.
	Resultados de satisfacción dos clientes coa exposición dos relatores da Fundación.	Acadar unha porcentaxe do ≥ 98% na valoración positiva dos asistentes.

ACTIVIDADE 5

A) Identificación.

Denominación da actividade	XESTIÓN DA CALIDADE
Tipo de actividade*	Propia
Identificación da actividade por sectores **	Z99
Lugar de desenvolvemento da actividade	Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edificios Administrativos San Lázaro, s/n – Consellería de Economía, Emprego e Industria – 15781 Santiago de Compostela

* Indíquese se se trata dunha actividade propia ou mercantil

** Véxase clasificación en anexo

Descrición detallada da actividade prevista.

Previsión inicio: xaneiro 2018

Previsión de remate: decembro 2018

5.1 – UNE-EN-ISO 9001:2015

Xustificación:

Dita actividade ten o seu fundamento nos Estatutos da FPGFT

Estatutos da FPGFT

Artigo 24: Director/Directora Xerente da Fundación. Neste artigo no punto 3, letra "b" establece o seguinte: "Dirixir, xestionar, controlar e inspeccionar de acordó coas directrices do Padroado a organización e actividades da Fundación que condúzan á consecución e mantemento dun alto nivel na prestación de servizos de acordo cos seus fins".

A xerencia da FPGFT propuxo ao Padroado levar a cabo a implantación dun Sistema de Xestión da Calidade para garantir unha xestión da calidade.

Fins principais:

- Satisfacer aos nosos usuarios: proporcionar servizos acordes aos requisitos, necesidades, expectativas e especificacións establecidas, incluíndo as normas ou lexislación vixente.
- Establecer unha normalización para asegurar a calidade dos servizos.
- Implantar na FPGFT a mellora continua como norma de conducta.

Introdución:

A implantación do Sistema de Xestión da Calidade Norma UNE-EN-ISO 9001: 2008 iniciouse no exercicio 2010, levándose a cabo no exercicio 2011. Con data 6 de xuño de 2011 emítese o certificado de AENOR do "Sistema de Xestión da Calidade" con validez ata o ano 2014, renovado en 2014 e novamente renovado en 2017 con validez ata xuño do ano 2020.

Descrición da actividade:

A previsión para 2018 é adaptar o sistema de xestión da calidade da Norma UNE-EN-ISO 9001: 2008 á nova versión 2015 "Norma UNE-EN-ISO 9001: 2015" o que suporá o cumprimento de todos os requisitos da certificación que afecten ás actividades que figuran no "Sistema de Xestión da Calidade", có obxectivo de superar tanto a auditoría interna, prevista para o mes de abril de 2018, como a auditoría externa, prevista para o mes xullo de 2018.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

UNE-EN ISO 9001:2015

Tipo	Número	Nº horas /ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	3	108 horas anuais
Persoal con contrato de servizos	0	
Persoal voluntario	0	

Recursos económicos e Humanos:

- ✓ Os recursos materiais empregados: os propios das oficinas e a parte imputable da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade.
Honorarios da empresa auditora.
- ✓ Os recursos humanos:
 - O técnico da Fundación, responsable de calidade, traballará seguindo os criterios marcados pola empresa externa para a preparación do proceso de auditoría e fará o control e seguimento para que os procesos establecidos no sistema de calidade se cumpran por parte de todo o persoal da Fundación. Xestión supervisada pola directora xerente da Fundación.
 - Para as tarefas administrativas, como envío e recepción de cuestionarios, contará con apoio dun administrativo da Fundación.
 - Persoal da empresa consultora (nota: serán necesarios, como mínimo, dúas sesións formativas coa empresa consultora para acadar a adaptación da norma á versión 2015).

Recursos económicos empregados na actividade para a súa realización

Actividade 5	% de gastos previstos	Importe
Xestión da Calidade	0,75%	4.134,18€

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

UNE – EN ISO 9001: 2015

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- Directos: A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e/ou os membros do Padroado da Fundación e os usuarios da Fundación.

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Preparar e desenvolver os procesos do sistema de calidade UNE-EN ISO 9001: 2015, para a implementación certificación	Cumprimento da adaptación á nova Norma	Superar adaptación á nova Norma prevista para 2018
Adoptar o proceso de auto/avaliación como estratexia de mellora do rendemento, examinando periodicamente as actividades e resultados da Fundación	Levar a cabo a elaboración e avaliación das accións de Mellora	Elaborar e avaliar o 100 % das accións contidas no plan de mellora
	Levar a cabo accións correctoras	Non superar o límite de 3 accións correctoras

ACTIVIDADE 6

A) Identificación.

Denominación da actividade	DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS EN GALICIA
Tipo de actividade*	Propia
Identificación da actividade por sectores **	Z99
Lugar de desenvolvemento da actividade	Dirixido dende as oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edificios Administrativos San Lázaro, s/n – Consellería de Economía, Emprego e Industria – 15781 Santiago de Compostela, sendo desenvolvido o servizo técnico nas instalacións da entidade externa.

Descrición detallada da actividade prevista.

Previsión de inicio: xaneiro 2018

Previsión de remate: decembro 2018

Xustificación:

Esta actividade ten o seu fundamento no Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de interese Galego e nos Estatutos da FPGFT:

- Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, artigo 27, Publicidade das actividades fundacionais, onde di: “en atención ó deber de publicidade establecido para as fundacións de interese galego, no artigo 31.b) da Lei 12/2006 de 1 de decembro, e sen prexuízo do seu anuncio de difusión xeral, deberán publicar na súa sede electrónica, de contar con unha, a expresión dos fin fundacionais, as actividades proxectadas, así como as condicións e requisitos dos concursos e axudas que convoquen durante o citado exercicio”.
- Estatutos da FPGFT, Artigo nº 8 _1, onde se fai referencia ás Actividades da Fundación, establécese que “para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, por aprobación da metade máis un dos membros presentes sendo dirimente, no caso de empate, o voto do/da Presidente/a, determinará as actividades que debe realizar en cada momento a Fundación”. Entre elas, se sinalan as seguintes actividades:

8.1.E) A realización de todo tipo de estudos, análise e prospectivas, así como a prestación de servizos relacionados e que redunden no cumprimento dos fins fundacionais.

8.1.J) Executar cantas actividades decida o órgano de goberno da Fundación que teñan por finalidade a Formación para o Emprego, ou o seu desenvolvemento e perfeccionamento.

8.1.M) Das asistencia e asesoramento as PEMES, e á representación legal dos traballadores/as, facendo posible a súa incorporación ao sistema, así como o apoio técnico aos órganos administrativos competentes na orientación dos traballadores/as.

8.2 A Fundación levará a cabo calquera outra actuación que considere necesaria e conveniente para a consecución dos seus fins ...

Introdución:

Tendo en conta a necesidade de avaliar o alcance da formación e a adecuación das accións formativas ás necesidades do mercado laboral e das empresas, así como a eficiencia dos recursos económicos e medios empregados está previsto que no exercicio 2018 lévese a cabo o proxecto de Detección de Necesidades Formativas.

Tanto o antedito Estudo do impacto como o Estudo do Impacto (actividade nº 3) a Fundación ten a intención de eleválos á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para dar cumprimento ao fin de realizar actividades de mellora da formación profesional para o emprego, os seus resultados poderán ser de utilidade para planificar en próximas convocatorias a futura formación atendendo a necesidades reais galegas. Ditos estudos terán unha difusión xeral, serán publicados na sede electrónica da Fundación.

Obxectivos fundamentais

O obxectivo principal é a de planificar en próximas convocatorias a futura formación atendendo a necesidades reais galegas.

Este Proxecto pretende relacionar e analizar a "oferta pública de formación para o emprego dirixida prioritariamente aos traballadores ocupados fronte ás necesidades do mercado laboral". Para conseguir dito obxectivo parece oportuno coñecer a opinión dos beneficiarios dos Programas de Formación de Oferta dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados coa intención de saber que criterios seguen as entidades á hora de deseñar, executar, avaliar e certificar a formación, así como os problemas que se atopan.

Descrición da actividade

Esta actividade completárase cunha análise previa que figurará no Estudo do Impacto (actividade nº 3), nos que se terán en conta os seguintes factores:

- a eficacia do Sistema vendo se os resultados se corresponden coas metas establecidas.
- a eficiencia dos recursos económicos e medios empregados respecto aos resultados obtidos.
- a incidencia da formación para o emprego en Galicia.

Dentro das tarefas a desenvolver pola empresa externa contratada destacan as seguintes.

- Establecer os factores a avaliar.
- Identificar os diferentes beneficiarios (universo) e seleccionar as mostras dos universos a estudar.
- Elaborar os cuestionarios atendendo ás variables a estudar.
- Remitir os cuestionarios aos beneficiarios das convocatorias de Programas de Formación.
- Recibir e analizar cuantitativa e cualitativamente as respostas acadadas.
- Extraer as conclusións.
- Redactar, maquetar e presentar o Estudo.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	4	1.051,20 horas anuais
Persoal con contrato de servizos	0 *1	
Persoal voluntario	0	

*1: Contratarase o servizo, segundo o perfil do contratante da páxina web da FPGFT

Recursos económicos e humanos:

✓ Os recursos materiais empregados:

- Os propios das empresas externas contratadas, para a realización da actividade
- Os propios das oficinas da FPGFT

✓ Os recursos humanos:

- Dirección Xerencia da Fundación para a supervisión, control e dirección do traballo externo, contando co apoio administrativo
- O persoal técnico fará seguimento dos resultados aportados pola empresa contratada das distintas fases do proxecto e solucionará as dúbidas que podan xurdir ao persoal da empresa externa.
- O persoal das empresas contratadas serán os responsables de materializar as especificacións que figuren no seu contrato, baixo a supervisión directa da xerencia, asistida por un técnico e dous administrativos da Fundación.

Recursos económicos empregados na actividade para a súa realización

Actividade 6	% de gastos previstos	Importe
Elaboración do Estudo de Necesidades Formativas en Galicia	7,30%	40.239,39€

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- Directos:

- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Os membros do Padroado da Fundación.
- Usuarios da FPGFT

- Indirectos:

Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Detectar as actuais Necesidades Formativas en Galicia.	Elaboración do Estudo de Necesidades Formativas en Galicia.	Presentación do Estudo.
	Cumprimento dos prazos asignados.	100% cumprimento de prazos establecidos..

ACTIVIDADE 7

A) Identificación.

Denominación da actividade	DESENVOLVEMENTO DA PÁXINA WEB COMO SEDE ELECTRÓNICA DA FPGFT
Tipo de actividade*	Propia
Identificación da actividade por sectores **	Z99
Lugar de desenvolvemento da actividade	Dirixido dende as oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edifícios Administrativos San Lázaro, s/n – Consellería de Economía, Emprego e Industria – 15781 Santiago de Compostela, sendo desenvolvido o servizo técnico nas instalacións da entidade externa.

Descrición detallada da actividade prevista.

Previsión de inicio: xaneiro 2018

Previsión de remate: decembro 2018

Xustificación:

Esta actividade ten o seu fundamento no Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de interese Galego e nos Estatutos da FPGFT:

- Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, artigo 27, Publicidade das actividades fundacionais, onde di: "en atención ó deber de publicidade establecido para as fundacións de interese galego, no artigo 31.b) da Lei 12/2006 de 1 de decembro, e sen prexuízo do seu anuncio de difusión xeral, deberán publicar na súa sede electrónica, de contar con unha, a expresión dos fin fundacionais, as actividades proxectadas, así como as condicións e requisitos dos concursos e axudas que convoquen durante o citado exercicio".
- Estatutos da FPGFT, Artigo nº 8 _1, onde se fai referencia ás Actividades da Fundación, establécese que "para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, por aprobación da metade máis un dos membros presentes sendo dirimente, no caso de empate, o voto do/da Presidente/a, determinará as actividades que debe realizar en cada momento a Fundación". Entre elas, se sinalan as seguintes actividades:

8.1.E) A realización de todo tipo de estudos, análise e prospectivas, así como a prestación de servizos relacionados e que redunden no cumprimento dos fins fundacionais.

8.1.J) Executar cantas actividades decida o órgano de goberno da Fundación que teñan por finalidade a Formación para o Emprego, ou o seu desenvolvemento e perfeccionamento.

8.1.M) Das asistencia e asesoramento as PEMES, e á representación legal dos traballadores/as, facendo posible a súa incorporación ao sistema, así como o apoio técnico aos órganos administrativos competentes na orientación dos traballadores/as.

8.2 A Fundación levará a cabo calquera outra actuación que considere necesaria e conveniente para a consecución dos seus fins ...

Introdución:

Tendo en conta a necesidade actual dun proceso formativo continuo para os traballadores e traballadoras (por conta propia ou allea), nun mundo onde a actualización a través das novas tecnoloxías é case momentánea e, conxugando as disposicións feitas no Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de interese Galego e as que emanan dos Estatutos da FPGFT, se considera a necesidade de reforzar a páxina web como sede electrónica da FPGFT para informar e ofrecer a través dela dos servizos que se ofertan dende a Fundación a un maior número de destinatarios/usuarios, na procura da mellora da súa calidade

No pasado exercicio 2017, continuou o labor de crecemento da FPGFT. A través do desenvolvemento de diferentes proxectos e actividades, sendo a páxina web, a vía de comunicación directa con todos os usuarios interesados.

Unha boa páxina web ten unha xerarquía clara, unha ordenación e diferenciación de cada unha das súas actividades. Debe orientarse perfectamente ao seu público obxectivo e ofrecer un valor engadido ao internauta. Respetar os estándares web actualizados. Ser sinxela, directa, interesante e ofrecer unha navegación clara, brindándolle ao usuario un espazo para a interacción sen discriminación

Nesta liña continuaremos a súa posta en valor ao longo do exercicio 2018, para poder dar o soporte preciso aos Proxectos e Investigacións que serán desenvolvidos pola Fundación.

Esta actividade pode diferenciarse en distintas fases, cada unha delas relacionada cun área específica a desenvolver en dita Páxina web, tomando como base as necesidades e intereses mencionados anteriormente. Segundo o antedito é preciso unha ampliación da capacidade da páxina web, sendo necesario que os servizos ofertados da páxina web como sede virtual deben medrar ao mesmo tempo que crecen os servizos e prestacións que dende a FPGFT se ofrecen ao público obxectivo.

Descrición da actividade:

A función principal desta actividade centrarase en diferentes tarefas:

- Hardware:
 - Soporte técnico, mantemento e aloxamento anual da páxina web.
- Software:
 - Ampliación de almacenamento de datos.
 - Ampliación na velocidade de procesamento de datos.
 - Ampliación da oferta de actividades a tres idiomas básicos (galego, castelán e inglés).
 - Adaptación da páxina web para persoas con discapacidade.
 - Implementación nas Redes Sociais do "proxecto + 45", para a mellora da empregabilidade con xestión propia da FPGFT.
 - Busca e actualización diaria de información específica e noticias, envío masivo de comunicacións.
 - Ampliación de servizos xerais.
 - Ampliación do servizo "Mapa de Recursos Formativos".
 - Deseño da "app - formación", ferramenta para teléfono móbil.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	3	1.389,60 horas anuais
Persoal con contrato de servizos	0 +1	
Persoal voluntario	0	

+1: Contratación do servizo, segundo o perfil do contratante da páxina web da FPGFT

Recursos económicos e humanos:

✓ Os recursos materiais empregados:

- Os propios das empresas externas contratadas, para a realización da actividade
- Os propios das oficinas da FPGFT

✓ Os recursos humanos:

- Dirección Xerencia da Fundación para a supervisión, control e dirección do traballo externo, contando coa colaboración dun técnico e apoio administrativo.
- O persoal das empresas contratadas serán os responsables de materializar as especificacións que figuren no seu contrato, baixo a supervisión directa da xerencia, asistida por un técnico e dous administrativos da Fundación.

Recursos económicos empregados na actividade para a súa realización

Actividade 7	% de gastos previstos	Importe
Mantemento da sede electrónica da FPGFT	9,65%	53.193,17€

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número Previsto
Persoas físicas	
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- Directos:
 - Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
 - Os membros do Padroado da Fundación.
 - As entidades solicitantes.
 - As empresas que colaboran na xestión da formación.
 - Usuarios da FPGFT
- Indirectos:
 - Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Mantemento da sede electrónica da FPGFT	Nº de servizos modificados	4
	Nº de servizos novos	4
	Nº usuarios – visitas	400.000
	Tempo medio de actualización de contidos, en días	1
Implementación dunha rede social /laboral de formación de maiores de 45 anos	Nº usuarios rexistrados (total)	2.500
	Nº usuarios rexistrados (mulleres)	1.500
	Servizos novos	3
	Servizos modificados	0
	Tempo medio de actualización de contidos	3
Actualización dos contidos do Mapa de Recursos Formativos	Prazo para actualización dos contidos	100% cumprimento de prazos establecidos.
Creación da "app - formación"	Presentación da "app - formación"	Presentación da "app - formación" en prazo.

2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS / INCREMENTOS	Actividade 1	Actividade 2	Actividade 3	Actividade 4	Actividade 5	Actividade 6	Actividade 7	Total actividades	Non imputados ás actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros										
a) Axudas monetarias										
b) Axudas non monetarias										
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno										
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación										
Aprovisionamentos	3.186,88 €	532,74 €	477,55 €	169,80 €	39,80 €	387,35 €	512,04 €	5.306,16 €		5.306,16 €
Gastos de persoal	225.044,93 €	37.619,90 €	33.723,02 €	11.990,41 €	2.810,25 €	27.353,11 €	36.158,57 €	374.700,19 €		374.700,19 €
Outros gastos de explotación	64.796,72 €	10.831,82 €	9.709,80 €	3.452,37 €	809,15 €	7.875,73 €	10.411,06 €	107.886,65 €		107.886,65 €
Amortización do inmovilizado	14.012,92 €	2.342,49 €	2.099,84 €	746,61 €	174,99 €	1.703,20 €	2.251,49 €	23.331,53 €		23.331,53 €
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado										
Gastos financeiros										
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros										
Diferenzas de cambio										
Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros										
Impostos sobre beneficios										
Sub/total gastos	307.041,45 €	51.326,94 €	46.010,21 €	16.359,18 €	3.834,18 €	37.319,39 €	49.333,17 €	511.224,53 €		511.224,53 €
Adquisicións de inmovilizado (agás bens patrimonio histórico)	24.024,00 €	4.016,00 €	3.600,00 €	1.280,00 €	300,00 €	2.920,00 €	3.860,00 €	40.000,00 €		40.000,00 €
Adquisicións bens patrimonio histórico										
Cancelación débeda non comercial										
Sub/total investimentos	24.024,00 €	4.016,00 €	3.600,00 €	1.280,00 €	300,00 €	2.920,00 €	3.860,00 €	40.000,00 €		40.000,00 €
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	331.065,45 €	55.342,94 €	49.610,21 €	17.639,18 €	4.134,18 €	40.239,39 €	53.193,17 €	551.224,53 €		551.224,53 €

3.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	500€
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	
Subvencións do sector público	529.093€
Achegas privadas	
Outros tipos de ingresos	
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	528.593€

3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	
Outras obrigas financeiras asumidas	
TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS	

ANEXO: TÁBOA RESUMO DA CUANTIFICACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS EMPREGADOS PARA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN.

RESUMO DA CUANTIFICACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS EMPREGADOS PARA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

ACTIVIDADES	% DE GASTOS PREVISTOS	IMPORTE
1.- XESTIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDAS DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN	60,06%	331.065,45€
2.- XESTIÓN DAS ORDES DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E DE CONCESIÓN DAS BOLSAS	10,04%	55.342,94€
3.- INFORMES, ESTUDOS E GRUPOS DE TRABAJO 2018	9,00%	49.610,21€
4.- ASESORAMENTO TÉCNICO E DIFUSIÓN DO SISTEMA	3,20%	17.639,19€
5.- XESTIÓN DA CALIDADE	0,75%	4.134,18€
6.- DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS EN GALICIA	7,30%	40.239,39€
7.- DESENVOLVEMENTO DA PÁXINA WEB COMO SEDE ELECTRÓNICA DA FPGFT	9,65%	53.193,17€
TOTAL →	100,00%	551.224,53€

Nota explicativa:

A diferenza entre a previsión dos recursos que empregará a entidade **551.224,53€** (táboa 2) e a previsión da subvención que recibirá a FPGFT, **527.093€** (ver táboa 3), é de **23.842,05€**; importe da amortización do inmovilizado (ver táboa 2) considerándoo e distribuíndoo entre as actividades como un gasto contable, pero tendo en conta que non hai saída efectiva de dito importe.